

R BOBILLO, ANTÓN

iz de Veiga, 1921). Poeta pertencente a moción de Enlace* que escribe indistinctamente en galego e castelán. Na súa poética mestura o intimismo xunto coa preocupación social. Estudiu Filosofía e Letras en Santiago de Compostela mais abandonou a carreira para ingresar como profesor nos xesuítas, en Salamanca, orientado por tamén abandonou e que será decisivo na súa actitude vital e poética, onde se reflicten existenciais e relixiosos aparentemente. Posteriormente ingresou como funcionario da Facenda, desempeñando o seu traballo en León e Ourense, onde se xubila anticipadamente e decide abrir unha librería. Logo de publicar en Galicia (toda a súa obra nesta lingua está recollida en *Poesía en castellano 1955-1987*) (1987), aparece *Arredores* (1962), o primeiro poemario en galego, publicada na colección colección Salnés. Dous anos despois, dentro do seu libro en castelán *Lanzada (Versos hacia el mar)*, inclúe tres poemas en galego, lingua na que escribiu en 1967 *Non*. En *Poesía galega 1967-1975* (1975) aparece reunido todo o que escribiu anteriormente, así como unha revisión dos poemas en galego publicados en 1964 e 1965 e lles engadiu un texto máis, polo que se recollou baixo o título *Catro poemas*, e un poemario inédito ata o momento, *O que non é teu colo*. Posteriormente publica *dos desconxuros* (1980), *Berros en voz* (1990) e *A nada destemida* (1991). O ritmo do seu labor creativo aparecen constantemente as constantes existencialistas. A dúbida metafísica, a melancolía, a procura de Deus nas cousas próximas, o cepticismo, etc. Logo, como consecuencia da análise do entorno, a súa voz dirixida á preocupación social (de feito el é un dos primeiros poetas galegos en preocuparse por esta vocación poética nos anos 1960). O uso da primeira persoa, que

tanto empregara na súa fase existencialista, muda, pois a experiencia dun doroso afastamento de Deus lévao a trasladar a súa visión do entorno social, trocando o punto de vista individual polo achegamento ó colectivo, quer dicir, ó uso solidario do *nosotros* como voz poética dominante, sen por iso abandonar a preocupación intimista. Nestes poemas diríxese ós homes desgraciados, ós homes que sofren, e, como non podía ser menos nesta corrente poética, na que o contido prima sobre a forma, o prosaísmo é o trazo formal que domina. En prosa escribiu unha serie de retallos soltos de carácter testemuñal e íntimo, *Diario sin datas*, e máis o libro de relatos curtos *A grande ilusión e outros contos* (1889).

TRAPERO PARDO, JOSÉ

(Ribeiras de Lea-Castro de Rei, 1900; Lugo, 1995). Aínda que cursou a carreira eclesiástica, non chegou a ordenarse e adicouse sempre ó xornalismo e a literatura. Foi fundador e director do semanario mindoniense *Vallibria**, onde se iniciaron diversos escritores galegos coma Cunqueiro*. En Lugo dirixiu *La Voz de la Verdad*, *El Progreso* e a revista *Lucus*. É membro de diversos patronatos e institucións. O seu labor literario en galego abrangue un libro de versos, *Lóstregos e moxenas* (1926), no que se combinan breves poemas de inclinación amorosa con outros de ton máis variado, e unha sección de glosas de versos famosos da literatura universal; *A Ponte do Porco. Lexenda trágica* (1931); a zarzuela *Non chores Sabeliña*, estreada en 1943 e á que lle poría música Gustavo Freire. Segundo o autor, foi "escrita para dar al coro Frores e Silveiras una serie de estampas y tipos de esta provincia, unidos con el hilo sutil de una historia de amores en el bastidor de una música típicamente regional"; o texto ofrece a curiosidade de ter as acotacións en castelán. Tamén estreou, en Lugo,